

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

15237 *REAL DECRETO 888/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa. («BOE» 208, do 31-8-2006.)*

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establece no seu artigo 12.5 que os regulamentos de seguranza de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencias legislativas sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O Real decreto 2016/2004, do 11 de outubro, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MIE APQ-8 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno», na súa disposición derradeira segunda, establece que o Goberno aprobará unha instrución técnica complementaria sobre o almacenamento de fertilizantes cun contido en nitróxeno inferior ao 28 por cento en masa.

Co obxecto de determinar as condicións de seguranza e establecer as correspondentes prescricións técnicas a que se debe axustar o almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa, elaborouse o correspondente regulamento e a súa instrución técnica complementaria MI-AF1 anexa, que son aprobados por este real decreto.

Na elaboración do real decreto déuselles audiencia ás entidades interesadas e ás comunidades autónomas, e emitiu informe o Consello de Coordinación da Seguridade Industrial.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de lle dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Esta normativa apróbase en exercicio das competencias que, en relación coa materia de seguranza industrial, veu atribuír expresamente á Administración xeral do Estado a totalidade dos estatutos de autonomía, conforme declarou reiteradamente a xurisprudencia constitucional recaída ao respecto (por todas elas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 203/1992, do 26 de novembro, 243/1994, do 21 de xullo, e 175/2003, do 30 de setembro).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xullo de 2006,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa e da instrución técnica complementaria (ITC) MI-AF1.*

Apróbase o Regulamento sobre almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa, que se insire a continuación, e a instrución técnica comple-

mentaria (ITC) MI-AF1, que se inclúe como anexo ao dito regulamento.

Disposición transitoria única. *Instalacións existentes.*

Os titulares das instalacións de almacenamento, manipulación, carga e descarga de fertilizantes cun contido en nitróxeno igual ou inferior a 28 por cento en masa, existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto, deberán solicitar a inscrición, no prazo dun ano a partir da dita data, no rexistro da comunidade autónoma correspondente á localización da instalación.

A solicitude de inscrición destas instalacións existentes irá acompañada da xustificación do cumprimento das medidas de seguranza sinaladas nos artigos 6, 7, 8 e 9 da dita ITC MI-AF1.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe unha norma regulamentaria de seguranza industrial, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio ditará as disposicións que exixan o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e do regulamento que aproba.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para a modificación e actualización da ITC MI-AF1.*

1. Por orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderase modificar a ITC MI-AF1.

2. En particular, a ITC MI-AF1 será obxecto de actualización periódica para mantela adaptada ao progreso da técnica e, se é o caso, ás prescricións técnicas establecidas pola normativa internacional e comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 21 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

REGULAMENTO SOBRE ALMACENAMENTO DE FERTILIZANTES A BASE DE NITRATO AMÓNICO CUN CONTIDO EN NITRÓXENO IGUAL OU INFERIOR AO 28 POR CENTO

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto establecer as condicións de seguranza das instalacións de almacenamento, carga, descarga e trasfega de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa en toda clase de establecementos e almacéns, incluídos os recintos comerciais e de servizos.

2. As prescricións técnicas para facer efectivas as ditas condicións de seguranza son as que se determinan na instrución técnica complementaria ITC MI-AF1 que figura como anexo a este regulamento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento e a súa instrución técnica complementaria (ITC) aplicaranse ás instalacións de nova construción, así como ás ampliacións ou modificacións das

existentes, referidas no artigo anterior, con excepción das seguintes:

- a) Os almacenamentos integrados nas unidades de proceso cuxa capacidade estará limitada á necesaria para a continuidade do proceso.
- b) Os almacenamentos cuxa capacidade non supere as 5.000 t a granel ou 8.000 t envasado. Para estes almacenamentos seranlles de aplicación, unicamente, os artigos 7, 8, 9 e 10 desta ITC.
- c) Os almacenamentos non permanentes, en tránsito ou en expectativa de tránsito.
- d) Os almacenamentos para uso propio cunha capacidade non superior a 500 t.

Artigo 3. *Inscripción de instalacións.*

1. Para a instalación, ampliación, modificación ou traslado das instalacións referidas no artigo 1, destinadas a conter fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento, o titular presentará ante o órgano competente da comunidade autónoma, correspondente ao lugar da instalación, un proxecto asinado por un técnico competente e visado polo colexio oficial que corresponda. O proxecto redactarase de conformidade ao previsto na instrución técnica complementaria (ITC).

Nos casos de ampliación, modificación ou traslado o proxecto referirase ao ampliado, modificado ou trasladado e ao que, como consecuencia, resulte afectado. Os documentos mínimos do proxecto poderanse simplificar proporcionalmente ao obxecto do proxecto, sen detrimento da seguraza e sen prexuízo de que o órgano competente da comunidade autónoma lle requira documentación complementaria.

Tamén se porá de manifesto o cumprimento das especificacións exixidas por outras disposicións legais que os afecten.

2. Finalizadas as obras de execución das instalacións, o titular comunicarlle a posta en servizo e solicitará a inscrición no Rexistro de establecementos industriais ao órgano competente da comunidade autónoma presentando, ademais, a seguinte documentación:

- a) Certificación subscrita polo técnico titulado director de obra na cal faga constar, baixo a súa responsabilidade, que as instalacións se executaron e probaron, de acordo co proxecto presentado, así como que cumpren as prescricións contidas neste regulamento e a súa instrución técnica complementaria.
- b) Xuntaranse igualmente os documentos que poñan de manifesto o cumprimento das exixencias formuladas polas demais disposicións legais que afecten a instalación.

Artigo 4. *Control das instalacións.*

Cada cinco anos a partir da data de posta en servizo da instalación para o almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento ou das súas modificacións ou ampliacións, o seu titular deberá presentar no órgano competente da comunidade autónoma un certificado de organismo de control autorizado onde se acredite a conformidade das instalacións cos preceptos da instrución técnica complementaria.

Artigo 5. *Control administrativo.*

O órgano competente da comunidade autónoma, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, disporá cantas inspeccións das instalacións referidas no artigo 1 sexan necesarias, tanto durante a súa construción como unha vez postas en servizo.

Artigo 6. *Obrigas e responsabilidades dos titulares.*

1. O titular das instalacións referidas no artigo 1 será responsable do cumprimento das normas establecidas neste regulamento e a súa instrución técnica complementaria, así como da súa correcta explotación.

2. As inspeccións e revisións que se poidan realizar non eximen en ningún momento o titular do cumprimento das obrigas impostas canto ao estado e conservación das instalacións e das responsabilidades que poidan derivar diso.

Artigo 7. *Accidentes.*

1. En caso de accidentes graves ou importantes, o titular daralle conta de inmediato ao órgano competente da comunidade autónoma, o cal poderá dispoñer o desprazamento de persoal facultativo, para que, no prazo máis breve posible, compareza no lugar do accidente e tome cantos datos considere oportunos que permitan estudar e determinar as súas causas. En caso de incendios, a empresa informará das medidas de precaución adoptadas ou que se prevé adoptar para evitar a súa propagación.

2. Dos ditos accidentes elaborárase un informe, que o titular da instalación lle presentará ao órgano competente da comunidade autónoma e este remitirao, para efectos estatísticos, ao centro directivo competente en materia de seguraza industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, unha vez que se establecesen as conclusións pertinentes, incorporándose estas nun prazo máximo de quince días.

Artigo 8. *Infraccións e sancións.*

1. O incumprimento do establecido neste real decreto será sancionado de acordo co establecido no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

A comprobación do incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento, con independencia das sancións indicadas na lei citada anteriormente, poderá dar lugar a que, de acordo co artigo 10.2 da dita lei, o órgano competente da comunidade autónoma ordene a suspensión do funcionamento da instalación mentres non comprobe o dito organismo competente que se emendaron as causas que desen lugar á suspensión.

2. Así mesmo, no caso en que se acorde a sanción con paralización ou non da actividade, indicarse o prazo en que se deberá corrixir a causa que dese lugar á dita sanción, agás que poida ou deba facerse de oficio e así se dispoña. Se transcorrese o anterior prazo sen que o responsable dea cumprimento ao ordenado, o infractor poderá novamente ser sancionado, logo de instrución do oportuno expediente na mesma forma sinalada para a primeira ou anteriores veces.

ANEXO

Instrución técnica complementaria MI-AF1 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa»

CAPÍTULO I

Xeneralidades

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta instrución técnica complementaria (ITC) ten por finalidade establecer as prescricións técnicas a que se axustarán os almacenamentos de fertilizantes sólidos a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos desta ITC, aplicaranse as seguintes definicións:

a) Almacenamento: é o conxunto de recintos e edificios de todo tipo que conteñan fertilizantes sólidos, e inclúe ademais as rúas intermedias de circulación e separación, as zonas e instalacións de carga e descarga e outras instalacións necesarias, sempre que sexan exclusivas do conxunto.

b) Almacenamento en tránsito: almacenamento esporádico de produtos en espera de ser reexpedidos e cuxo período de almacenamento previsto non supere as 72 horas continuas. Non obstante, se no almacén existise produto durante máis de oito días ao mes ou 36 días ao ano, non será considerado almacenamento en tránsito.

c) Área das instalacións: superficie delimitada polo perímetro da instalación considerada.

d) Envases e GRG (grandes recipientes a granel): definicións segundo o capítulo 1.2 e os requirimentos dos capítulos 6.1, 6.6 e 6.5, respectivamente, do ADR (Acordo europeo relativo ao transporte internacional de mercaderías perigosas por estrada), e o establecido na regulamentación específica de fertilizantes.

e) Fertilizante a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento: todo produto sólido a base de nitrato amónico fabricado para ser usado como aboamento que teña un contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa respecto ao nitrato amónico.

f) Unidade de proceso: é o conxunto de elementos e instalacións de produción; inclúe os equipos de proceso e os recipientes necesarios para a continuidade do proceso, situados dentro dos límites de batería das unidades de proceso.

g) Vías de comunicación pública: son as estradas e liñas de ferrocarril de uso público.

Artigo 3. Proxecto da instalación de almacenamento.

O proxecto da instalación do almacenamento en edificios ou establecementos non industriais desenvolverase ben como parte do proxecto xeral do edificio ou establecemento, ben nun proxecto específico. Neste último caso, será redactado e asinado por un técnico titulado competente que, cando fose distinto do autor do proxecto xeral, deberá actuar coordinadamente con este e aterse aos aspectos básicos da instalación reflectidos no proxecto xeral do edificio ou establecemento.

O proxecto a que fai referencia o regulamento de almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico cun contido en nitróxeno igual ou inferior ao 28 por cento en masa estará composto polos documentos seguintes:

a) Memoria técnica na cal consten, cando menos, os seguintes puntos:

1.º Almacenamento, describindo as súas capacidades, dimensións e demais características, produtos almacenados, así como a norma ou código de deseño utilizado.

2.º Sistemas, equipamentos e medios de protección contra incendios: deberá definir as normas de dimensionado que sexan de aplicación en cada caso e deberá efectuar os cálculos ou determinacións nelas exixidas.

3.º Outros elementos de seguranza, describindo as súas características e, se é o caso, protección dos materiais contra a corrosión.

4.º Elementos de manutención e manipulación, as súas características e dimensionado.

5.º Aspectos xeográficos e topográficos do contorno, con especial incidencia naqueles accidentes naturais que poidan presentar riscos de desprendemento de terra ou

arrastre das augas; indicaranse as medidas de protección previstas en tales casos.

6.º Xustificación do cumprimento desta ITC ou das medidas substitutorias previstas.

b) Planos:

1.º Mapa xeográfico a escala 1:25.000, no cal sinalarán o almacenamento e as vías de comunicación, núcleos urbanos e accidentes topográficos relevantes, existentes dentro dun círculo de 10 km de raio con centro no dito almacenamento.

c) Orzamento.

d) Instrucións para o uso, conservación e seguranza da instalación no que respecta ás persoas, os equipamentos de traballo e o ambiente.

e) Plan de emerxencia interior.

Nos casos de ampliación, modificación ou traslado, o proxecto referirase ao ampliado, modificado ou trasladado e ao que, como consecuencia, resulte afectado.

CAPÍTULO II**Localizacións****Artigo 4. Localizacións.**

Os servizos móbiles de seguranza e de protección contra incendios deberán poder acceder ao almacenamento. Haberá acceso e espazo suficiente para a circulación e manobra destes vehículos e da maquinaria de mantemento.

A área de almacenamento e os seus arredores deben estar libres de materiais combustibles, tales como residuos, graxas ou maleza.

CAPÍTULO III**Obra civil****Artigo 5. Normas sobre o deseño e construción dos almacenamentos.**

1. Estes almacenamentos cumprirán o establecido no Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguranza contra incendios nos establecementos industriais, e o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nos lugares de traballo.

2. Os edificios con destino a almacenar este tipo de fertilizantes proxectaranse dunha soa planta, sen sotos nin bodegas, excepto as necesarias para o paso das cintas de extracción se estas son subterráneas.

Evitarase a construción de desaugamentos ou canles.

O tellado debe ter unha estrutura lixeira e non se utilizarán madeiras nin calquera outro material combustible.

3. As instalacións permanentes de calefacción ou eléctricas deben proxectarse de tal maneira que o fertilizante nunca poida entrar en contacto con elas. Debe terse en conta a súa localización cando o almacén está completamente cheo. Isto afecta os radiadores, tubos de auga ou vapor, así como outras fontes de calor, estea ou non previsto o seu illamento.

A instalación eléctrica executarase de acordo co Regulamento electrotécnico para baixa tensión. As fontes de luz serán sempre frías e os seus compoñentes deben ser de materiais incombustibles. A colocación e proteccións das lámpadas deben evitar a acumulación de po.

Os elementos mecánicos destinados ao movemento dos envases serán adecuados ás exixencias derivadas das características do produto almacenado.

CAPÍTULO IV

Medidas de seguranza

Artigo 6. *Condicións de almacenamento.*

Establécense as seguintes directrices, sen prexuízo do establecido no Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguranza dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo:

- a) Debe reducirse ao mínimo posible a xeración de po.
- b) Almacenaranse separados, por unha barreira física, de materiais combustibles (gasóleo, aceites, graxas, papel, etc.), axentes redutores, ácidos, álcalis, xofre, cloratos, cromatos, nitritos, permanganatos e pos metálicos ou substancias que conteñan metais coma o cobre, cobalto, níquel, zinc e as súas aliaxes.
- Así mesmo, afastarase de amoreamentos de feos, pallas, grans, sementes e materia orgánica en xeral.
- c) Estes fertilizantes almacenaranse de xeito que se garanta que non se realizan mesturas entre os distintos tipos existentes no almacenamento.
- d) A altura das moreas do produto, tanto envasado como a granel, debe quedar polo menos un metro por debaixo dos beirados, trabes, puntos de iluminación e instalacións eléctricas.
- e) Non se permitirá o uso de lámpadas portátiles núas.
- f) Prohibirase a utilización de calquera fonte de calor se non está debidamente autorizada, supervisada e controlada. Fumar estará sempre prohibido.
- g) Os traballos de soldadura ou de corte realizaranse sobre superficies previamente limpas de restos de fertilizante e suficientemente illadas del.
- h) Non se utilizarán produtos orgánicos para limpar o chan do almacén.
- i) En ningún caso a disposición do produto almacenado obstruirá as saídas normais ou de emerxencia, nin será un obstáculo para o acceso a equipamentos ou áreas destinados á seguranza.
- j) Nos recintos destinados ao almacenamento de fertilizantes non se permitirá a manipulación de produto, excepto para as operacións de carga e descarga daquel, mestura física deste ou alimentación ás instalacións de ensaca.
- k) A maquinaria que participe na manipulación do produto estará dotada de cámaras apaga-faíscas no tubo de escape de fumes.

Artigo 7. *Instalacións de seguranza.*

No almacenamento e arredores colocaranse estratexicamente rótulos normalizados anunciadores do perigo existente, da prohibición de fumar e acender lume e das saídas de emerxencias, conforme establece o Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguranza e saúde no traballo.

Artigo 8. *Equipamentos de protección individual.*

A utilización polos traballadores dos equipamentos de protección individual será de acordo coas disposicións

mínimas establecidas no Real decreto 773/1997, do 30 de maio.

Usaranse luvas adecuadas (por exemplo, de goma ou pvc) cando se manexe o produto durante períodos prolongados.

En ambiente de po utilizaranse máscaras contra pos inertes (P1).

Após manipular o produto lavaranse as mans e observaranse medidas hixiénicas.

En caso de incendios ou descomposición de produto actuarase seguindo as instrucións da ficha de datos de seguranza do produto involucrado.

Todos os equipamentos de protección persoal cumprirán a regulamentación vixente que lles sexa de aplicación.

Artigo 9. *Formación do persoal.*

1. O persoal do almacenamento, ou calquera outro relacionado con este, recibirá de maneira planificada, cando menos cada dous anos, instrucións específicas do titular do almacenamento sobre:

- a) Propiedades e características dos fertilizantes almacenados.
- b) Función e uso correcto dos elementos e instalacións de seguranza e do equipamento de protección persoal.
- c) Consecuencias dun incorrecto funcionamento ou uso dos elementos e instalacións de seguranza e do equipamento de protección persoal.
- d) Perigos que poidan derivar dunha manipulación incorrecta do produto e, en xeral, riscos de accidentes e actuacións concretas para controlar estes.

2. Deberase deixar constancia escrita de que o persoal foi debidamente informado e adestrado de canto anteriormente se indica, todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 18 e 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de formación e información dos traballadores.

3. Para determinar a quen lle corresponde o cumprimento destas obrigas, no caso de situacións de concorrencia empresarial, será de aplicación o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 10. *Plan de emerxencia interior.*

1. Para cada almacenamento ou conxunto de almacenamentos dentro dunha mesma propiedade, elaborará e implantará o responsable destes un plan de emerxencia interior co obxecto de previr os accidentes de calquera tipo e, se é o caso, limitar as súas consecuencias.

O plan considerará as emerxencias que se poden producir, a forma precisa de ser controladas polo persoal do almacenamento, así como a posible actuación de servizos externos ao establecemento.

2. O persoal do almacenamento estará debidamente informado dos riscos de accidentes e adestrado nas actuacións concretas para controlar estes.